

ASUNTO: sobre a Renda de Inclusión Social de Galicia

Ó abeiro do establecido na lexislación vixente o Grupo político municipal Mixto a través do seu voceiro de Somos Cabanas - Participación Democrática Directa presenta a seguinte proposta para o seu debate no vindeiro Pleno ordinario da Corporación de maio de 17:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise consolidou en Galiza un modelo que afondou nas desigualdades e na exclusión social: aumentaron os niveis e a duración do desemprego, aumentou a precariedade laboral e reducíronse os ingresos por fogar.

A taxa de risco de pobreza e exclusión chegaba en 2015 case ao 26% e a porcentaxe de persoas en exclusión material severa era do 4,2%, tendo aumentado durante a crise. O risco de pobreza e exclusión social é meirande entre familias monomarentais (53%), mocidade de 16 a 29 anos (36,4%) e menores de 16 anos (35,4%) - datos de 2014.

Se a pobreza severa afectaba en 2015 132.000 persoas, a RISGA foi percibida ese mesmo ano por 3.848 persoas (datos do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade).

Ademais, a RISGA é unha das rendas máis baixas do Estado (399 €/mes) e con menor cobertura (4,4 persoas beneficiarias por cada 1000 habitantes).

O 1 de xaneiro de 2014 entraba en vigor a lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia, que modificaba a anterior da RISGA. Malia ao aprobado na disposición derradeira da lei - *"a Xunta de Galicia, nun prazo máximo de seis meses desde a publicación desta lei, elaborará as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación"*-, actualmente non se dispón dun decreto que a desenvolva. A falta de decreto regulador da lei provocou e provoca unha xestión opaca e restritiva da prestación: atrasos na tramitación, falta de criterios homoxéneos, control e burocratización excesiva, etc, que redundan nun afastamento das persoas en exclusión social do sistema.

Pola súa insuficiente contía, pola excesiva burocracia, pola falta de desenvolvemento dos tramos de inserción e transición ao emprego ou polos criterios restritivos na concesión da RISGA, esta renda amósase como unha ferramenta que non garante a inclusión social.

En consecuencia, o Pleno **ACORDA** instar á Xunta a:

- 1. Elevar en 2018 a dotación da RISGA, co obxectivo de igualala, cando menos, á media do conxunto do Estado.**
- 2. Impulsar, antes do remate do ano 2018, a publicación do Decreto que desenvolva a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia, de xeito dialogado cos sindicatos e coas asociacións e entidades que traballan sobre a pobreza e exclusión social.**
- 3. Regular, no devandito decreto, os tramos de inserción e transición ao emprego.**
- 4. Aumentar os Orzamentos da Consellería de Política Social en 2018 para garantir crédito suficiente para desenvolver a Lei de Inclusión Social.**

Cabanas, 21 de maio de 2017

Xosé Manuel Pérez Sardiña

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CABANAS